Bases da bolsas para a ampliación de estudos internacionais

Curso 2024/2025

Primeira: tipoloxía e modalidades de bolsas

A Fundación SGAE presenta o seguinte programa de bolsas de formación para o ano 2024/2025 para a ampliación de estudos no estranxeiro:

-Bolsas para a formación internacional en creación teatral.
-Bolsas para a formación internacional en creación coreográfica.
-Bolsas para a formación internacional en escritura de guión.
-Bolsas para a formación internacional en dirección audiovisual.
-Bolsas para a formación internacional en creación de músicas populares.
-Bolsas para a formación internacional en creación de música clásica actual.

Cada un dos 6 programas de bolsas que se relacionan dotarase de:

- Unha bolsa integral por un importe máximo de 9.000 euros para un curso académico completo. O importe deberá ser destinado aos gastos de matrícula, estancia, viaxe, mantenza, etc. do seleccionado.
- E un mínimo de 6 bolsas parciais (e ata o máximo que permita a partida orzamentaria asignada a cada proxecto de bolsa) por un importe máximo de 1.000 euros cada unha delas para a asistencia a cursos, seminarios, master class, obradoiros, etc. de duración determinada e inferior a un curso académico.

Segunda: solicitantes

1. Os solicitantes deberán ser autores socios da SGAE e deberán xustificar o dominio do idioma no que se impartirá a formación para a que se solicita a bolsa.
2. Ningún solicitante poderá resultar seleccionado para máis dun dos programas de formación que se citan nesta convocatoria e, dentro mesmo programa de formación, a máis dun tipo de bolsa.

Terceira: tipoloxía dos proxectos de formación e importe da bolsa

1. Esta convocatoria de bolsas circunscríbese aos seguintes ámbitos de creación artística:

- Creación teatral: escritura.
- Creación coreográfica: coreografía.
- Creación audiovisual: escritura de guións e dirección audiovisual.
- Creación musical: músicas populares e música clásica actual.

2. En cada campo de creación hai dous tipos de solicitudes, a bolsa integral e a bolsa de asistencia a cursos, seminarios, etc. En calquera caso, o programa de estudos obxecto da solicitude **1 de xuño de 2024** e rematar como máximo o **31 de decembro de 2025.**

3. A formación solicitada deberá ter lugar nun país distinto ao de residencia do solicitante.

Entidad inscrita en el Registro de Fundaciones Culturales B.O.E. 140397 – O.M. 24.2.97 – CIF: G-81624736

Coa colaboración da sgae

4. Para o cálculo da cantidade solicitada terase en conta o prezo de matrícula do curso e os custos de desprazamento e, no caso da bolsa integral, tamén poderán ser obxecto da bolsa os custos de manutención e aloxamento.

Cuarta: documentación

As solicitudes deberán conter a seguinte documentación:

1. Formulario de solicitude debidamente cumprimentado.
2. Copia do DNI/NIE/Pasaporte.
3. CV do solicitante.
4. Documentación sobre os estudos para os cales se solicita a bolsa.
5. Carta do solicitante explicando os obxectivos artísticos perseguidos a través desta formación.
6. Acreditar a admisión no centro de estudos estranxeiro elixido de recoñecido prestixio a nivel internacional.
7. Orzamento de gastos.
8. Acreditación do nivel de idioma no que se impartirá o curso.
9. Certificación da colaboración doutras entidades, no seu caso.
10. Autorización asinada polo solicitante en favor da Fundación SGAE para que esta poida facer uso dos seus datos de carácter persoal no marco desta convocatoria. O modelo de autorización que se debe presentar está dispoñible na web da Fundación SGAE dentro do apartado de convocatoria desta bolsa.

Quinta: criterios de selección

Para a avaliación das solicitudes teranse en conta os seguintes criterios:

1. Cumprimento do requisitos esixidos
2. Interese do proxecto de formación
3. Méritos académicos e artísticos do aspirante
4. Nivel de coñecemento do idioma do país de destino
5. Prestixio da institución que imparte a formación.

Cando sexa necesario elixir entre diferentes proxectos susceptibles de recibir a bolsa, daráselle prioridade aos socios que non recibisen axudas ou bolsas da Fundación SGAE con anterioridade.

Sexta: presentación de solicitudes e prazo

O formulario de solicitude estará dispoñible na web da Fundación SGAE www.fundacionsgae.org. Deberá usarse o formato electrónico do formulario, e será necesario encher todos os campos. A Fundación SGAE avisará do recibimento de todas as solicitudes e notificaralles, a aqueles que non presentasen toda a documentación esixida, os documentos que faltasen. As solicitudes que non acheguen a documentación solicitada nestas Bases terán un prazo máximo de quince (15) días para a emenda desde a notificación correspondente. A solicitude considerarase non presentada se no devandito prazo non fan as emendas que se indicasen.

O prazo de presentación das solicitudes para da bolsas para a ampliación de estudos internacionais Curso 2024/2025 iniciarase o **mércores 27 de marzo de 2024** e manterase aberto ata as 23.59 do **venres 17 de maio de 2024**. As solicitudes recibidas fóra deste prazo serán desestimadas.

Entidad inscrita en el Registro de Fundaciones Culturales B.O.E. 140397 – O.M. 24.2.97 – CIF: G-81624736

Coa colaboración da sgae

Sétima: procedemento e resolución de solicitudes

1. Un Comité de Avaliación encargarase de estudar e avaliar as solicitudes que cumpran os requisitos indicados nestas Bases.
2. Comité decidirá a concesión das bolsas e a súa resolución será comunicada a todos os interesados por escrito.
3. A resolución do Comité será inapelable.

Oitava: formalización da colaboración

A Fundación SGAE e o solicitante cuxo proxecto fose aprobado, subscribirán un convenio de colaboración específico que haberá de conter, necesariamente, as Bases establecidas no presente documento e a información que enumeramos a continuación, a título enunciativo:

1. Dereitos e obrigas de cada unha das partes.
2. Prazo de inicio e finalización da formación bolseira.
3. Importe da bolsa concedida.
4. Forma de pagamento.
5. Seguimento da formación (informe, avaliación, material onde se inclúa a imaxe corporativa da Fundación SGAE e memoria final).

A Fundación SGAE solicitaralle ao beneficiario da bolsa a documentación pertinente para a formalización do convenio. O prazo máximo para proporcionar esa documentación será de dous (2) meses, que comezarán a contar desde que a Fundación SGAE a solicitase. Se o seleccionado non entrega a documentación nese prazo, perderá o dereito á bolsa. Toda a documentación achegada pasará a formar parte inseparable do convenio que se subscribirá entre as partes e non se devolverá.

Así mesmo, a Fundación SGAE faralle chegar ao beneficiario da bolsa o convenio para subscribir entre as partes. O beneficiario terá un prazo máximo de dous (2) meses para devolver asinados os exemplares do convenio acompañado de documento de pagamento ou factura (segundo o caso) para o cobro da bolsa. A non entrega do convenio ou do documento ou factura para o pagamento no citado prazo faralle perder ao beneficiario a bolsa.

Novena: Deber de confidencialidade e protección de datos persoais

Toda a información que as partes fornezan na xestión do proxecto ten carácter confidencial e non poderá ser revelada a terceiros nin utilizada para fins distintos aos establecidos, salvo as excepcións determinadas pola lexislación vixente.

Os datos de carácter persoal que voluntariamente faciliten as persoas solicitantes incorporaranse nun ficheiro cuxo responsable é Fundación SGAE, e serán utilizados, única e exclusivamente, para a xestión da participación da persoa solicitante nesta convocatoria de axudas. O titular do dereito fundamental á protección de datos persoais conta cos dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición, portabilidade de datos, e o de non ser obxecto de decisións individuais automatizadas. Para exercelos pode dirixirse por escrito a: Fundación SGAE, para a atención de Servizos xurídicos, calle Bárbara de Braganza, 7, 28004 Madrid. O escrito deberá indicar nome, apelidos e indicar o dereito exercitado e o motivo, e deberá vir acompañada de fotocopia do DNI/NIE ou pasaporte. Fundación SGAE presume que

Entidad inscrita en el Registro de Fundaciones Culturales B.O.E. 140397 – O.M. 24.2.97 – CIF: G-81624736

Coa colaboración da sgae

os datos facilitados polo afectado son veraces e responden á súa situación actual. O afectado obrígase a comunicar a súa modificación desde o momento en que se produza.

Décima: normas xerais

1. A presentación da solicitude por parte do solicitante implica a aceptación tácita deste das condicións.
2. O solicitante exime á Fundación SGAE de calquera responsabilidade derivada de calquera transgresión da lexislación vixente en que puidese incorrer o solicitante respecto da realización e desenvolvemento do proxecto.

Para máis información: ayudas@fundacionsgae.org

Entidad inscrita en el Registro de Fundaciones Culturales B.O.E. 140397 – O.M. 24.2.97 – CIF: G-81624736

Coa colaboración da sgae